

**JAMES BENNING: FILM / TIME / HD**

**MASTER CLASS JAMES BENNING**

**CENTENARIO ORSON WELLES**

**OLLADAS DE MULLERES NO MUNDO**

**CINE E PINTURA. ARREDOR DA EXPOSICIÓN “O PRIMEIRO PICASSO”**

**PREMIS GAUDÍ**

**DESENCADRES: STAN BRAKHAGE**

**CIRCUÍTO**

**FÓRA DE SERIE**

**FÓRA DE SERIE CLÁSICOS**

**OFF GALICIA**

**CGAI JÚNIOR**

XUNTA DE GALICIA

## JAMES BENNING: FILM / TIME / HD.

En colaboración con La Casa Encendida (Madrid).

“En 2009, o CGAI-Filmoteca de Galicia programaba en colaboración co Festival Punto de Vista e a Fundación Luís Seoane o ciclo *James Benning: 13 Films*, aproximación iniciática, reveladora e esencial ao traballo dese ‘órgano vital, imprescindible, obrigatorio’ dun cine norteamericano entendido como un todo, sen distincións de xéneros, clásicos ou modernos. Aquel ciclo detíñase nos que foron, apenas se intuía daquela, os seus últimos filmes en 16 milímetros, formato que defendeu e explorou dende as súas primeiras películas a mediados dos anos setenta do pasado século. Benning abandonou o celuloide de forma definitiva, a prol do dixital, en 2009, coa súa película *Ruhr*, que ademais foi a primeira que o cineasta, -ata entón ligado á exploración das paisaxes naturais, políticas e sonoras do seu país- rodaba fóra de Estados Unidos. En tempos recentes, o CGAI programou algunhas destas películas dixitais: *Small Roads*, *Easy Rider* e *Stemple Pass*.

Se continuásemos coa metáfora do órgano vital, o cambio de Benning á rodaxe dixital parece ter revitalizado ese corpo vivo, expandíndoo en múltiples direccións, algunhas das cales xa estaban, dunha ou doutra forma, inscritas ou insinuadas nos seus traballos en celuloide. O máis chamante non é a cuestión formal do encadre (do 4:3 do 16 milímetros ao 16:9 do HD), que leva implícita unha redefinición da súa relación co filmado, senón a súa explosión creativa (30 películas en 6 anos e in crescendo), e sobre todo, a ampliación do campo de experimentación: traballos de *found footage* con materiais extraídos de Youtube; filmes claramente políticos; investigacións coa palabra escrita; exploracións da tensión mobilidade-inmobilidade da propia imaxe, acrecentada polo estatismo da imaxe dixital; remakes e diálogos directos con clásicos dese cine norteamericano que non entende de categorías nin fronteiras (Benning revisitou-homenaxeou-reescribiu a Warhol, mais tamén a Cassavetes ou a Denis Hopper), e ata *tours de force* aos seus traballos paisaxísticos (os máis coñecidos, mais que non definen en absoluto o total da súa obra) nos que explora as posibilidades de expansión temporal da alta definición. Ver e escoitar... o son dos cerros e uns”.

Gonzalo de Pedro (comisario do ciclo).

**JAMES BENNING INTERVIWÁ O SÁBADO 28 DE MARZO NUN COLOQUIO CON LOIS PATIÑO E O LUNS, 30 DE MARZO, IMPARTIRÁ UNHA MASTER CLASS.**

Agradecementos: James Benning, Gonzalo de Pedro, Gabe Klinger, Lois Patiño.

## OLLADAS DE MULLERES NO MUNDO (CREADORAS GALEGAS DE IMAXE)

En colaboración co Consello da Cultura Galega.



Co gallo do Día da Muller Traballadora, un ano máis o Consello da Cultura Galega e o CGAI dedícanlle unha semana da súa programación, un ciclo en que as figuras femininas son as protagonistas. Directoras, guionistas, produtoras, actrices, unha tentativa de amosar outras olladas e perspectivas.

Comezamos co único título de directores masculinos, *Dos días, una noche*, dos irmáns Dardenne, dúas veces gañadores en Cannes. Un filme sobre a muller no ámbito laboral nun contexto de crise. A interprete principal, Marion Cotillard, acaba de ser nomeada ao Oscar á mellor actriz polo seu papel de traballadora que intenta que os seus compañeiros renuncien á paga extraordinaria para ela conservar o seu posto na empresa.

O particular naturalismo dos Dardenne liga con *Mil noches, una boda*, de Marie Amachoukeli-Barsacq, Claire Burger e Samuel Theis, o retrato dunha muller libre de 60 anos e as complexidades dos afectos e a contorna social. Pola súa banda, *Amour fou*, de Jessica Hausner, está inspirada na historia do poeta Heinrich von Kleist e a súa procura dunha compañeira para se suicidar en pleno Romanticismo alemán; ambas a dúas achegan senllos retratos femininos con forza.

Na sección Creadoras Galegas de Imaxe ofrecemos dous títulos: *Muller(es)Muller*, de Inés Pintor, producido por SocialDocs, amosa a vida de mulleres dunha mesma familia pertencentes a tres xeracións distintas: as dificultades e diferenzas na educación, na percepción, no papel desempeñado..., e *O tesouro de Corcoesto*,

adscrita ao documental militante e dirixida pola galega Cora Peña. A estes engadimos *Se dice poeta*, da asturiana Sofía Castañón, que se aproxima a 21 poetas, entre elas tres galegas establecidas na Coruña: Yolanda Castaño, Estíbaliz Espinosa e María Couceiro. Estas últimas sesións contarán coa presenza das súas autoras.

## CENTENARIO ORSON WELLES

Rendémoslle homenaxe a unha das grandes figuras da historia do cine, o polifacético director, guionista e actor estadounidense Orson Welles (1915-1985). Neste ciclo aproveitamos simultaneamente o centenario do seu nacemento e a saída de copias novas en DCP.

Logo da completa retrospectiva realizada polo CGAI-Filmoteca de Galicia en 2003 –incluídos os materiais finais e as pezas que ficaron inconclusas, algo que, como sinalou Jonathan Rosenbaum, concorda coa idea de alguén que consideraba calquera das súas obras *works in progress*- e a presentación en outubro de 2013 da restauración feita polo especialista Luciano Berruti para a Filmoteca Española de *Chimes at midnight / Campanadas a medianoche* (1965), o filme-operación intertextual inspirado en varios textos de Shakespeare e rodado en España que lle producira Emiliano Piedra, volvemos visitar o universo Welles, un dos grandes virtuosos e revitalizadores da arte do cinematógrafo.

Experto no estudo das relacións de poder e as paixóns humanas, *bricoleur* e histórico adaptador literario (os arrecendos e sutilezas dos mundos de Shakespeare ou Kafka), Welles é un creador visual de inesgotable xenio, un manierista extraordinario subxectivizador de formas. Santos Zunzunegui compara a súa disposición estética, estética da transcripción, coa de Picasso –precisamente comezamos o ciclo con *F for Fake / Fraude*, un filme que combina dous aspectos cruciais da produción de Welles, a afección pola mistificación e a miscelánea de materiais- ou coa de Stravinsky. Os tres coinciden no desexo común de construción dun estilo propio a través do coñecemento e da reelaboración espléndida da herdanza, das achegas previas e históricas.

O talento de Welles marca a súa carreira. Mais o seu talante impide tamén que sexa unha outra. A inusual franqueza, a pelexa pola liberdade artística e as constantes friccións coa industria de Hollywood, fan que Welles pase de neno consentido –a estrela máisculca de *Ciudadano Kane* así o proba- a francotirador buscavidas. Unha traxectoria digna sempre de (re)visión.

## CINE E PINTURA. ARREDOR DA EXPOSICIÓN “O PRIMEIRO PICASSO”

Coincidindo coa exposición “O primeiro Picasso”, o CGAI-Filmoteca de Galicia programa un ciclo arredor das relacións entre o cine e a pintura, un ciclo que hai que entender na mesma liña que “Filmar as palabras”, do ano pasado, que exploraba as relacións da arte cinematográfica coa literatura. Por tanto, neste caso non se trata de abordar a figura de Picasso no cine. O CGAI proxectou en distintas ocasións o documental *El misterio Picasso*, quizais a película máis importante sobre o acto creativo do autor do *Guernika*, así como moitos outros títulos asociados decote a este tema e que, polo xeral, privilexian os aspectos dramáticos das biografías dos pintores por riba da reflexión acerca dos mecanismos de representación e expresión da pintura e do cine.

O ciclo arrinca con *Fraude*, o documental de Orson Welles sobre o falsificador de pintura Elmyr de Hory que é, á súa vez, un falso documental sobre Picasso e unha das máis xeniais demostracións da natureza fraudulenta e manipuladora do cine. En *Mr. Turner*, Mike Leigh propón unha biografía de J. M. W. Turner (interpretado por Timothy Spall) ao tempo que o seu director de fotografía, Dick Pope, nos suxire unha translación da luz do pintor inglés á pantalla cinematográfica. Esta última é a liña na que se move tamén *Shirley: visiones de una realidad*, de Gustav Deutsch, un ousado exercicio de conversión de distintos cadros de Edward Hopper en fragmentos da biografía dunha actriz norteamericana entre 1931 e 1963, o mesmo período en que foron pintados os cadros de Hopper que cobran vida en pantalla. Tamén o cineasta indio Amit Dutta se interna no mesmo terreo a partir da obra do pintor Paramjit Singh en *The Seventh Walk*. Dutta filma nos mesmos escenarios que serven de inspiración a Singh procurando equivalencias visuais entre pintura e cine.

*Cézanne* parte dos textos do libro de Joachim Gasquet sobre o pintor francés para, a partir dalgúns dos seus

cadros, das paisaxes que un día pintou e de exertos doutras películas de Jean-Marie Straub e Danièle Huillet, profundar nestas relacións entre pintura e cine, o que na outra película destes autores, de textos tamén de Gasquet, *Una visita al Louvre*, atinxirá o acto mesmo de contemplar un cadro pendurado das paredes dun museo. Cal é nestes casos a posición do espectador? Que ten que mirar? *National Gallery* é un documental de Frederick Wiseman que se interroga sobre a función dunha grande institución museística na transmisión e difusión das obras do pasado que han de superar a barreira do tempo para seren comprendidas polos espectadores de hoxe en día.

O cine e a pintura poden ser un só, algo que demostraron pintores que deviñeron cineastas como o vasco José Antonio Sistiaga (de quen no seu momento o CGAI proxectou a obra completa, en especial a súa longametraxe pintada fotograma a fotograma *ere erera baleibu ícik subua aruaren*) ou o galego Eugenio Granell, do que recuperamos para a ocasión a curtametraxe *Lluvia*. Un lugar á marxe merece a obra do cineasta (transformado en pintor) Stan Brakhage. As sesións que dende comezos de 2014 lle vén dedicando o CGAI deteranse neste programa nas súas películas pintadas á man, nas que se centrou de maneira significativa nos quince últimos anos da súa vida. Os dous programas de “hand-painted films” estarán compostos por: (1): *Untitled (For Marilyn)* (1992), *Autumnal* (1993), *Earthen Aerie* (1995), *Spring Cycle* (1995), *Shockingly Hot* (1996), *Cloud Chamber* (1999), *The Lion and the Zebra Make God’s Raw Jewels* (1999), *Stately Mansions Did Decree* (1999), *Seasons* (2002); e (2): *Nightmusic* (1986), *Rage Net* (1988), *Glaze of Cathexis* (1990), *I Take These Truths* (1994), *The Persian Series (1-18)* (1999-2001).

Agradecementos: Canyon Cinema (San Francisco), Fundación Eugenio Granell, Fernando Vilchez/Lima independente, Amit Dutta.

## FÓRA DE SERIE / CIRCUITO

Esta sección propponns versatilidade, traballos plurais. Temos unha estrea agardada, *Leviatán* do ruso Andrei Zvyagintsev, premiada nos Globos de Ouro, Cannes ou Sevilla, e a recuperación da última peza dunha triloxía, *Antes del anochecer*, de Richard Linklater. Co pretexto da presentación do último libro de Alberto Ruiz de Samaniego, *Las horas bellas. Escritos sobre cine*, que contará coa participación do autor -na compañía de Alberto Sucasas e Daniel Sánchez Salas-, proxectamos o resultado do regreso a Europa na etapa final da súa carreira dun arquitecto de imaxes, Fritz Lang. O xermano roda un díptico de aventuras -dúas películas, *El tigre de Etnapur* e *La tumba india*, concibidas como unha soa- ambientada na India, outro alarde da súa impecable capacidade técnica.

A proxección singular do bimestre non é outra que *Un bigote para dos* (1940) de Tono e Mihura, dous membros da lendaria xeración de *La Codorniz*. Pódese proxectar unha película da que desapareceron as dez copias existentes nun incendio? Pódese realizar unha película transgresora e salvaxe en plena posguerra apropiándose dun filme biográfico austríaco sobre a figura de Johann Strauss? Pódese. Felipe Cabrerizo e Santiago Aguilar pasaron dez anos da súa vida na procura deste filme mítico. Finalmente atoparon tanto o guión como a película austríaca orixinal –tamén desaparecida!- e subtitularon este festín de humor inimitable que podemos desfrutar a canda a súa presentación e mais un coloquio posterior. Acompaña a sesión *Los expresos y el expreso* de Enrique Jardiel Poncela outra mostra de proveito de «celuloide rancio» a partir nada menos que de *The Great Train Robbery* (1903), o clásico silente de Edwin S. Porter.

Dentro do programa de Circuito veremos dous documentais, o primeiro é a nova película de Sergio Wolf, *El color que cayó del cielo*, sobre os cazadores de meteoritos (!), e que se organiza en colaboración coa Asociación lo, na mesma semana na que se producirá un eclipse de sol (o 20 de marzo). *Out-Takes From the Life of a Happy Man* é un dos últimos traballos de Jonas Mekas, un canto a unha vida feliz, unha película recopilatoria montada a partir de aquelas imaxes que non chegaron a formar parte dos seus grandes ciclos diarísticos como *Walden, Lost, Lost, Lost* ou *As I Was Moving Ahead Occasionally I Saw Brief Glimpses of Beauty*.

Agradecementos: Santiago Aguilar, Felipe Cabrerizo, Carlos F. Heredero, Caimán. Cuadernos de Cine, Alberto Ruiz de Samaniego, Daniel Sánchez Salas, Alberto Sucasas, Centro Nimeyer (Avilés), Tabakalera (San Sebastián), MU-SAC (León), Martin Pawley, Marcos Pérez, Agrupación lo.

## MARTES

marzo  
**03** 18.00 e 20.30 h  
*Olladas de mulleres*  
**Dos días, una noite**  
 Jean-Pierre e Luc Dardenne, 2014.  
 96'. DCP.  
 Subt. castelán. Presentación ciclo 2º pase.  
 Entrada de balde.

marzo  
**10** 18.00 e 20.30 h  
*Cine e Pintura/ Orson Welles*  
**Fraude**  
 Orson Welles, 1973 + **Lluvia**  
 (E. Granell, 1961)  
 88'. DCP/ vídeo.  
 Subt. castelán.

marzo  
**17** 20.30 horas  
*Circuíto*  
**El color que cayó del cielo**  
 Sergio Wolf, 2014.  
 73'. DCP.  
 Presentación por Marcos Pérez.

marzo  
**24** 18.00 e 20.30 h  
*Cine e Pintura*  
**Shirley: visiones de una realidade**  
 Gustav Deutsch, 2013.  
 92'. DCP.  
 Subt. castelán.

marzo  
**31** 18.00 horas  
*Fóra de serie*  
**Antes del anochecer**  
 Richard Linklater, 2013.  
 104'. DCP. Subt. castelán.  
 20.30 horas  
*James Benning*  
**Natural History**  
 (2014)  
 77'. Vídeo HD.

abril  
**07** 18.00 e 20.30 h  
*Circuíto*  
**Out-takes from the Life of a Happy Man**  
 Jonas Mekas, 2012.  
 68'. Vídeo.  
 Subt. castelán

abril  
**14** 20.30 horas  
*Cine e Pintura*  
**Cézanne**  
 (Straub-Huillet, 1990)  
**Una visita al Louvre**  
 (Straub-Huillet, 2003)  
 95'. 35mm.  
 Subt. galego.

abril  
**21** 18.00 e 20.30 h  
*Cine e Pintura*  
**The Seventh Walk**  
 Amit Dutta, 2013.  
 70'. DCP.  
 Subt. galego.

abril  
**28** 18.00 e 20.30h  
*Premis Gaudí*  
**El niño**  
 Daniel Monzón, 2014  
 135'. DCP. Entrada de balde.

## MÉRCORES

marzo  
**04** 18.00 e 20.30 h  
*Olladas de mulleres*  
**Mil noites, una boda**  
 Marie Amachoukeli, Claire Burger e Samuel Theis, 2014.  
 95'. DCP.  
 Subt. castelán. Entrada de balde.

marzo  
**11** 18.00 e 20.45 h  
*Cine e Pintura*  
**Mr. Turner**  
 Mike Leigh, 2014.  
 149'.  
 DCP. Subt. castelán.

marzo  
**18** 18.00 e 20.30 h  
*Fóra de serie*  
**Leviatán**  
 Andrei Zvyagintsev, 2014.  
 141'. DCP.  
 Subt. castelán.

marzo  
**25** 20.00 horas  
*Cine e Pintura*  
**National Gallery**  
 Frederick Wiseman, 2014.  
 180'. DCP.  
 Subt. castelán.

abril  
**01** 18.00 horas  
*James Benning*  
**Double Play; James Benning & Richard Linklater**  
 Gabe Klinger, 2014.  
 70'.  
 DCP. Subt. galego.  
 20.30 horas  
*Fóra de serie*  
**Antes del anochecer**  
 Richard Linklater, 2013.  
 104'. DCP. Subt. castelán.

abril  
**08** 18.00 e 20.30 h  
*Orson Welles*  
**Ciudadano Kane**  
 (1941)  
 119'. DCP.  
 Subt. castelán.

abril  
**15** 18.00 e 20.30 h  
*Orson Welles*  
**Macbeth**  
 (1948)  
 107'. DCP.  
 Subt. castelán.

abril  
**22** 18.00 e 20.30 h  
*Orson Welles*  
**Mister Arkadin**  
 (1954)  
 95'. DCP.  
 Subt. castelán.

abril  
**29** 18.00 e 20.30h  
*Premis Gaudí*  
**Gabor**  
 Sebastián Alfie, 2014  
 (+**El corredor**)  
 80'. DCP. Entrada de balde.

## XOVES

marzo  
**05** 18.00 horas  
*Olladas de mulleres*  
**Muller(es)Muller**  
 Inés Pintor, 2014.  
 80'. Vídeo HD. Presentación.  
 Entrada de balde.  
 20.30 horas  
*Olladas de mulleres*  
**O tesouro de Corcoesto**  
 Cora Peña, 2015.  
 98'. Vídeo HD. Presentación.  
 Entrada de balde.

marzo  
**12** 18.00 e 20.30 h  
*Fóra de serie*  
**El tigre de Esnapur**  
 Fritz Lang, 1957  
 101'. DCP.  
 Subt. castelán.

marzo  
**19** 20.30 horas  
*Fóra de serie*  
**Un bigote para dos**  
 (Tono e Mihura, 1940) +  
**Los expresos y el expreso**  
 (E. Jardiel Poncela, 1933)  
 82'. Vídeo.  
 Presentación Santiago Aguilar e Felipe Cabrerizo.  
 Entrada de balde.

marzo  
**26** 20.30 horas  
*James Benning*  
**One Way to Boogie Woogie 2012**  
 (2012)  
 90'. Vídeo HD.



abril  
**09** 18.00 e 20.30 h  
*Orson Welles*  
**El cuarto mandamiento**  
 (1942)  
 88'. 35mm.  
 Subt. castelán.

abril  
**16** 18.00 e 20.30 h  
*Orson Welles*  
**Otelo**  
 (1952)  
 92'. DCP.  
 Subt. castelán.

abril  
**23** 18.00 e 20.30 h  
*Orson Welles*  
**Sed de mal**  
 (1958)  
 108'. DCP.  
 Subt. castelán.

abril  
**30** 18.00 horas  
*Premis Gaudí*  
**Descalç sobre la terra vermella**  
 Oriol Ferrer, 2014  
 190'. DCP. Subt. castelán.  
 Entrada de balde.

## VENRES

marzo  
**06** 18.00 e 20.30 h  
*Olladas de mulleres*  
**Amour fou**  
 Jessica Hausner, 2014.  
 96'. DCP.  
 Subt. castelán. Entrada de balde.

marzo  
**13** 18.00 horas  
*Fóra de serie*  
**La tumba india**  
 Fritz Lang, 1958  
 96'. DCP.  
 Subt. castelán.

20.30 horas  
*Fóra de serie*  
 Presentación libro **Las horas bellas** (Alberto Ruiz de Samaniego) + **La tumba india**.  
 96'. DCP. Entrada de balde.



marzo  
**27** 18.00 horas  
*James Benning*  
**After Warhol BJ**  
 (2015)  
**Twenty Cigarettes** (2011)  
 104'. Vídeo HD.

20.30 horas  
*James Benning*  
**Fuck Me (orange)/Hopping/ Crash/Indy/Félix/Signs**  
 (2013-2015)  
 80'. Vídeo HD.



abril  
**10** 18.00 e 20.30 h  
*Orson Welles*  
**El extraño**  
 (1946)  
 95'. DCP.  
 Subt. castelán.

abril  
**17** 18.00 horas  
*Cine e Pintura/ Desencadres*  
**Hand-Painted Films I**  
 Stan Brakhage, 1992-2002.  
 69'. 16mm.  
 20.30 horas  
*Cine e Pintura/Desencadres*  
**Hand-Painted Films**  
 Stan Brakhage, 1986-2001.  
 67'. 16mm.

abril  
**24** 18.00 e 20.30 h  
*Orson Welles*  
**El proceso**  
 (1962)  
 120'. DCP.  
 Subt. castelán.

abril  
**25** 18.00 horas  
*Off Galicia*  
**Ella y el espejo**  
 Héctor Domínguez-Viguera  
 29'. Vídeo HD. Presentación.  
 Entrada de balde.

## SÁBADO

marzo  
**07** 18.00 horas  
*Olladas de mulleres*  
**Se dice poeta**  
 Sofía Castañón, 2014  
 96'. DCP.  
 Presentación. Entrada de balde.

marzo  
**14** 18.00 horas  
*CGAI Júnior*  
**El viento se levanta**  
 Hayao Miyazaki, 2013. 125'.  
 DCP. Subt. castelán.  
 Entrada de balde.

marzo  
**21** 18.00 horas  
*Off Galicia*  
**Pezas Chanfaina Lab VV AA**, 2015.  
 55'. Vídeo HD. Presentación.  
 Entrada de balde.

marzo  
**28** 18.00 horas  
*James Benning*  
**Ruhr**  
 (2009)  
 121'. Vídeo HD. Coloquio James Benning e Lois Patiño.  
 Entrada de balde.

abril  
**11** 18.00 horas  
*Off Galicia*  
**Angrois no esquecemento**  
 Emilio Carral e Susana S. Recous, 2014.  
 52'. Vídeo HD. Presentación.  
 Entrada de balde.

abril  
**18** 18.00 horas  
*CGAI Júnior*  
**Anina**  
 Alfredo Soderguit, 2013.  
 80'. DCP. Entrada de balde.

## LUNS

marzo  
**30** 11.00-13.30 e 17.00-19.30 horas  
*James Benning*  
**Máster Class: Two Cabins**  
 Entrada libre ata completar aforo. Reserva de prazas:  
 programacion.cgai@xunta.es  
 (a Máster Class será en inglés)

20.30 horas  
*James Benning*  
**Farocki (2014)**  
 77'.  
 Vídeo HD.



**CGAI**  CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE  
 FILMOTECA DE GALICIA

**Información xeral**  
 Todos os filmes se proxectan en versión orixinal, agás indicación contraria.  
 A duración dos filmes é orientadora e aproximada. Esta programación pódese ver alterada por razóns alleas á nosa vontade. Unha vez comezada a sesión, non se permitirá a entrada á sala de proxeccións.  
 As sesións de capacidade limitada teñen reservado un número indeterminado de

butacas. As sesións sinaladas con signos de exclamación (!) sofren modificacións respecto dos horarios habituais.

**Prezo da entrada**  
 • Xeral: 1'20 €  
 • Carné Xove: 0'60 €  
 • Abono para 10 sesións: 9 €  
 • As sesións de entrada gratuíta notificaranse no programa.

A venda de entradas iniciárase 15 minutos antes de comezaren as sesións (non se venden entradas anticipadamente). Só se venderán un máximo de dúas entradas por persoa.

**Sala de proxeccións**  
 CGAI. Durán Loriga, 10 baixo. 15003 A Coruña

Tel.: 881 881 270  
 Fax: 881 881 271  
 E-mail: programacion.cgai@xunta.es

**Subtitulado en galego**  
 Subtitula'm S.L.

**Información adicional**  
 www.cgai.org

Programación | 231 |  
**marzo**  
**abril** | 2015 |

AGADIC 

Axencia Galega das Industrias Culturais

 XUNTA DE GALICIA



